



Parlamento das Letras: Yolanda Castaño

Publicado o [11/07/2012](#)

Camaleónica. Velaí a palabra que describe con precisión a natureza multiforme, cambiante e versátil de Yolanda Castaño. Dinamizadora cultural, presentadora, guionista, actriz, oradora, editora, prologuista, antóloga, rapsoda, comisaria, filóloga, articulista, conferenciante, autora infantoxuvenil, tradutora e, sobre todo e ante todo, poeta, sempre e mais despois, poeta.

Dende que hai agora tres lustros longos eclosionara con Elevar as pálpebras (1995) —aquel seu primeiro poemario gañador do Bouza Brey con tan só dezasete rimbaudianos anos—, a traxectoria de Castaño respondeu á mecánica cuántica e o principio de incerteza de Heisenberg: aquí, alá e máis acolá, fusionando poesía con outras linguaxes artísticas como a música, a danza, a performance, a plástica ou o audiovisual.

O resultado de todos eses hadróns creativos colidindo son versos seus traducidos ao castelán, catalán, francés, italiano, alemán, ruso, maltés, macedonio, armenio, inglés, polaco, árabe, lituano, esloveno, chinés ou xaponés, os máis prestixiosos premios e a súa presenza nos máis destacados foros nacionais e internacionais.

Erófana, edénica e sensoestética, a súa é unha poética de espellos, de miraxes e máscaras, na procura da identidade, a alteridade e o fluír da consciencia fundante. Viral, irresistible e inimitable, Castaño sabe da delicia, a profundidade de campo e o gume da navalla egoísta.

As palabras desta coruñesa de orixe compostelá son ollos poliédricos que todo o contemplan. Perderse nas irisacións que desprenden os seus argumentos un reto para afoutos, para ousadas.

—¿Cando, onde e da man de quen publicaches os teus primeiros textos?

Comecei a dar os meus primeiros pasos nas letras —estimulada por familiares, amigos e profesoras— tras presentarme a unha serie de premios de poesía menores (a poemas soltos, convocados en moitos casos por concellos galegos) que, nalgúns casos, publicaban os traballos gañadores en revistas ou pequenas publicacións locais. Neste sentido, creo lembrar o Premio Antonio García Hermida, do Concello de Vilalba, coma o primeiro que publicou nunha revistinha municipal un poema meu, o texto que me fixera acreedora daquel galardón contando eu 15 anos de idade. A el seguiron outros (que tamén daban a coñecer os textos en pequenas publicacións) coma os do inqueda IES Francisco Aguiar de Betanzos. Xa en 1994, o que viu a luz grazas a un premio de poesía foi o meu primeiro libro de poemas, *Elevar as pálpebras*. Era o Fermín Bouza Brey de Poesía, convocado por tres concellos galegos vencellados á figura do escritor, e trouxo consigo a publicación desa miña ópera prima, ao ano seguinte, na editorial Espiral Maior.

—¿Cal das túas obras cres que foi mellor tratada e cal pasou máis desapercibida para o público e/ou a crítica? ¿Por que cres que recibiron ese trato desigual?

Partindo da miña particular e subxectiva percepción persoal, creo que foi ben tratada pola crítica *Vivimos no ciclo das Erofanías* e —talvez por sectores distintos da mesma— pero tamén, *O libro da Egoísta*. Digo isto con todos os debidos matices (o segundo título que menciono coido que atopou un notable número de defensores e por iso o menciono, mais tamén é certo que non foi menor —precisamente— o número de voces detractoras da obra).

Pola contra, resultoume curioso, sorprendente e en certo xeito interesante o caso da recepción en Galicia do meu último título, *Profundidade de Campo*. Na súa versión bilingüe galego-castelán para España e Latinoamérica, foi escolleito por un xurado español (Premio el Ojo Crítico de RNE) coma o mellor libro publicado en 2009 en todo o Estado por un autor/a mozo/a (era a primeira vez nos vinte anos de historia do premio que se concedía a unha obra escrita orixinalmente nunha lingua distinta do castelán). Amais, os críticos do suplemento El Cultural (do diario *El Mundo*) sinalárono entre os cinco mellores poemarios publicados no ano en España (xunta outros catro títulos de autores como Caballero Bonald, Carlos Marzal ou David González). Alén diso, o libro acadou máis dunha decena de recensións críticas, en medios españois (periódicos, revistas, blogs especializados en crítica) coma Babelia, El Cultural, *Cuadernos Hispanoamericanos*, *Calle 20*, *Adarve*, *Culturamas*, *Diario de Ávila*, *La Estafeta del Vento*, *La Tormenta en un Vaso* ou *Poesía Digital*, por recoñecidos escritores, críticos literarios e profesores como Túa Blesa, Elena Medel, Jorge de Arco, Raquel Lanseros, Diego Vadillo, Ariadna G. García, Antonio Ortega ou Sofía Castañón. Mesmo o o profesor Luís Bagué Quílez da Universidade de Alicante publicou un sisudo traballo crítico de varias páxinas sobre o libro. Tamén en boa parte a raíz desta publicación fun convidada a festivais internacionais de poesía coma os de Granada (Nicaragua), Londres, Bogotá, Berlín, Ljubljana ou Struga (Macedonia), invitóuseme no Instituto Cervantes de Tunes e fun incluída en antoloxías poéticas de ámbito estatal.

En contraste con todo isto, en Galicia, o mesmo título non saíu nin sequera proposto como candidato nalgúns dos galardóns que recoñecen os libros máis notables publicados no ano anterior e foron escasísimas as recensións en galego. Nalgún medio anunciouse como “unha volta de torca máis ao narcisismo de Yolanda Castaño” e unha recensión mesmo provocaba a reflexión a respecto do ‘mínimo de calidade’ que se debería esixir en Galicia para a publicación de libros. Interesante a desigual recepción no territorio galego por unha banda e en territorios máis amplos pola outra.

Após 18 anos xa expoñendo o meu traballo ao público, cada vez penso máis que en todo o que pasa por unha opinión pública, unha percepción por parte das persoas do que ante elas se expón a través dos medios de comunicación e doutras vías, opera —dun xeito máis ou menos consciente— un coñecemento moito máis emocional do que racional. Nestes xuízos críticos pesan máis os soterrados aspectos emocionais do que o fan outros máis obxectivos e vinculados á análise racional, por moito que ás veces non queira admitirse. Aparecen, entón, así certos prexuízos e tamén nos gusta o que queremos que nos guste e non nos gusta o que decidimos que non nos vai gustar, por determinadas circunstancias e condicionantes previos, e a prol dun decálogo moi íntimo e particular.

Podo equivocarme, pero humildemente penso que tras dunha exposición pública que foi moi reiterada e intensa nos últimos tempos, fóronse creando moitas opinións e xuízos previos, anteriores á propia lectura dos meus traballos en si mesmos, pegados ‘de máis’ a unha figura autorial tan exposta como a miña. Tamén penso que os últimos títulos foron un tanto ‘eclipsados’

polos primeiros, que adoitan ser recibidos cun impacto maior e un impacto que deixa un pouso máis longo, tendendo a ‘encadrar’ un autor/a nun ‘perfil estable’ para o lector/a. Cando comezamos, durante os nosos primeiros anos, a nosa proxección pública está moitísimo menos connotada, é máis fresca e pura e recibe por tanto unha resposta tamén menos viciada (‘vicio’ que, porén, pode predispoñernos negativa ou positivamente).

—¿Tes algún hábito singular ou manía á hora de escribir?

Adoito preferir lugares pechados e mesmo sen luz natural, e sempre preciso dun gran silencio e quietude para lograr a introspección e concentración que me require a escrita. No entanto, recentes experiencias de creación en residencia ensináronme que ata esas absurdas autolimitacións poden ser salvadas cando hai unha verdadeira e forte vontade e disposición para escribir.

—Nunha antoloxía da nosa literatura recente, ¿ao pé de que autores/as preferirías figurar?

Tanto a carón de Chus Pato coma de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, tanto ao de Ferrín coma de M^a Xosé Queizán, tanto de Pilar Pallarés coma de Xabier Cordal, tanto de Olga Novo coma de María do Cebreiro, tanto de Anxo Angueira coma de Estevo Creus, tanto de Xohana Torres coma de Emma Couceiro, tanto de Xavier Seoane coma de María Lado, tanto de Gonzalo Hermo coma de Lucía Aldao.

—Se tiveses que historiografar a túa propia traxectoria literaria, ¿que trazos salientarías?

Os comezos que xa apuntei, máis tarde o Premio da Crítica Española grazas a *Vivimos no ciclo das Erofanías* (no que me pareceu notar un pequeno fito que me abriu a outros ámbitos) e logo un cambio de ritmo (dos efervescentes anos mozos entre o 1995 e o 1998 —con tres libros publicados en tres anos— a poemarios que agora se demoran ata cinco anos ou máis). Tamén podería sinalar por un lado a triloxía inicial sobre o corpo, o amor e o erotismo e máis tarde unha liña temática que incide na identidade (*O libro da Egoísta* primeiro e logo *Profundidade de Campo*, que concreta máis na problemática da *representación* desa identidade).

—¿Que lecturas te acompañan decote ou a que escritores/as regresas con frecuencia?

Un nome podería ser Alejandra Pizarnik, a maioría do resto van mudando cos anos, ou marchan un tempo e volven despois.

—¿Que cres que lle falta aínda ás nosas letras e que lle sobra definitivamente?

Teño máis claro o que lles falta, aínda que pode que lles sobre un certo ensimesmamento (cunha leve inclinación endogámica) que en ocasións non as fai estar demasiado atentas ao que se está a facer fóra ou fai que case desprezen a proxección fóra, a promoción ou mesmo a tradución, aínda con afortunadas e moi numerosas excepcións.

O que ao meu xuízo máis lle falta ás nosas letras é profesionalidade, talvez debera dicir profesionalismo, ou ambas as dúas unidas como caras dunha mesma moeda. E as dúas unidas a unha visión positiva das mesmas que non faga seguir vinculando a súa ausencia a unha postura ética máis honrosa.

Ao meu ver, o voluntarismo e a militancia, no eido literario galego, deberían ser as xenerosas e loables actitudes dunha fase *provisoria* da nosa cultura (coma fase dun proceso que desaugase noutra situación cara á cal todos os axentes deberíamos pechar filas), pero nunca un estadio

detido no tempo, á vez empantanado e ‘empantanante’, á vez protector e limitante, gregario e autocompracente, un tanto atávico.

Compre especificar que esta carencia non a vexo máis acusada nos autores e autoras (dunha calidade que nada ten que envexar ás doutras latitudes veciñas) ca no resto de actantes do sistema literario. Con todo, observo carencias —alén de no mercado ou nas infraestruturas de produción— nas actitudes coas que os escritores e escritoras deberamos encarar a nosa autoría. Mais recoñezo que o sistema completo non facilita que os escritores/as galegos alimentemos a nosa produción de obras literarias como algo que vaia máis alá dun ‘hobby riquiño’.

—Se soubeses que o teu tempo se esgota, ¿que non te perdoarías non deixar escrito?

Un libro de poemas moi bo.

Tamén unha especie de visión da miña experiencia —canda a miña xeración— do sistema literario galego ao longo destes anos. Da súa evolución, do que se gañou, e tamén do que se perdeu.

—¿Cal é a túa valoración do noso presente literario?

Existe unha calidade literaria moi sobresaínte, apoiada nun moi bo número de autores e autoras de enorme diversidade, ambición literaria, esixencia estilística, sentido de vangarda e compromiso coa literatura. Hai un nivel alto que podo estender mesmo ao lectorado. Mais todo isto choca cun mercado literario con moitas carencias, moitas eivas estruturais e outras fallas que en parte comentei na pregunta sétima.

—Se desexas facer algunha outra consideración, túa é a palabra.

Moitas grazas pola interesantísima iniciativa de contrastar cos autores/as algúns aspectos que estuda a crítica e facelo como unha conversa enriquecedora na que probablemente ninguén teña a razón e todos a teñan. Interesoume moito e provocoume algunha reflexión que, no entanto, non adoito compartir por pudor e por non ter plataforma tan axeitada e específica onde facelo. Efectivamente as cuestións inciden en aspectos desusados para o que adoitan ser as entrevistas a escritores/as, o que sempre resulta refrescante, tanto como que profundan e matizan aspectos que adoitan quedar nesa tona case sempre mentireira e superficial. Foi un gusto.